

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019402	Pazo da Mercé	Neves (As)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0487	Contornos de desenvolvemento	2023/2024	4	107	128

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ESTHER FERREIRO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo "Contornos de desenvolvemento" pertence ao ciclo de Formación Profesional de grao superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web, que ten unha duración de 2.000 horas ao longo de 2 cursos académicos, ao que lle corresponde o título de Técnico Superior en desenvolvemento de aplicacións web. Este módulo impártese durante o primeiro curso. O desenvolvemento curricular de este módulo ten como referencia de partida o Real Decreto 686/2010, do 20 de maio, onde se establece o currículo do ciclo Desenvolvemento de Aplicacións Web.

O ámbito produtivo no que se atopa o centro caracterízase pola abundancia de PEMEs. Polo tanto, na concreción do currículo do ciclo terase en conta esta circunstancia para incidir nas tecnoloxías e infraestruturas máis utilizadas neste tipo de empresas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					
					48700					
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6
1	Introdución ao desenvolvemento de software	Conceptos relacionados co software, o sistema informático e as fases de desenvolvemento do software.	23	16	X					
2	Instalación e uso de contornos de desenvolvemento	Explicaranse conceptos xerais sobre contornos de desenvolvemento, instalarase un contorno de desenvolvemento libre daranse os primeiros pasos nel. Uso básico do contorno de desenvolvemento en operacións de edición e xeración de código.	32	20		X				
3	Deseño e realización de Probas	Conceptos relacionados coas probas e a calidade do software. Deseñaranse e realizaranse probas unitarias para verificar o correcto funcionamento do software e realizarase depuración de código no contorno de desenvolvemento.	20	16			X			
4	Optimización e documentación	Optimización e documentación de código usando o contorno de desenvolvemento	16	16				X		
5	Elaboración de diagramas de clases	Identificar os principais métodos de análise e deseño empregados no desenvolvemento de software, facendo especial énfase no modelo UML. Describíranse os principais conceptos de programación orientada a obxectos e finalmente traballarase con diagramas de clases, tanto para a súa creación como para a súa creación.	19	16					X	
6	Elaboración de diagramas de comportamento	Aprenderase a traballar con diagramas sinxelos de casos de uso, secuencia, comunicación, estados e actividades tanto para a súa comprensión como para a súa creación.	18	16						X
Total:			128							

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introdución ao desenvolvemento de software	23

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os elementos e as ferramentas que interveñen no desenvolvemento dun programa informático, e analiza as súas características e as fases en que actúan ata chegar á súa posta en funcionamento.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer a relación entre algoritmo, software de aplicación, software de sistema e hardware. 1.2 Identificar as fases de desenvolvemento de software no modelo en cascada, en espiral, na programación extrema e en Métrica V3.	1	O software e os proxectos de desenvolvemento de software	12,0
2.1 Diferenciar linguaxes informáticas, clasificalas e identificar e caracterizar as linguaxes de programación máis populares. 2.2 Recoñecer as características, código xerado e ferramentas utilizadas na edición, compilación, enlace e execución para linguaxes de programación compiladas, interpretadas, de máquina virtual ou de execución administrada.	2	Linguaxes de Programación e ferramentas de desenvolvemento	11,0
TOTAL			23

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Recoñeceuse a relación dos programas cos compoñentes do sistema informático: memoria, procesador, periféricos, etc.	● PE.1 - Cuestionario sobre a relación dos programas cos compoñentes do sistema informático.	N	10
CA1.2 Identifícanse as fases de desenvolvemento dunha aplicación informática.	● PE.2 - Cuestionario sobre as fases de desenvolvemento dunha aplicación informática e resolución de problemas empregando técnicas das distintas fases.	S	40
CA1.3 Diferenciáronse os conceptos de código fonte, obxecto e executable.	● PE.3 - Cuestionario sobre os conceptos de código fonte, obxecto e executable.	S	15
CA1.4 Recoñecéronse as características da xeración de código intermedio para a súa execución en máquinas virtuais.	● PE.4 - Cuestionario sobre as características da xeración de código intermedio para a súa execución en máquinas virtuais.	N	10
CA1.5 Clasifícanse as linguaxes de programación.	● PE.5 - Cuestionario sobre as distintas linguaxes de programación e a súa clasificación.	S	15
CA1.6 Avaliouse a funcionalidade das ferramentas utilizadas en programación.	● PE.6 - Cuestionario sobre a funcionalidade das ferramentas empregadas con máquinas virtuais.	N	10
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Concepto de programa informático.

Contidos
Fases do desenvolvemento dunha aplicación: análise, deseño, codificación, probas, documentación, explotación e mantemento, etc.
Código fonte, código obxecto e código executable. Máquinas virtuais e linguaxe intermedia.
Tipos de linguaxes de programación.
Características das linguaxes máis difundidas.
Proceso de obtención de código executable a partir do código fonte: ferramentas implicadas.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O software e os proxectos de desenvolvemento de software - Explicaranse conceptos relacionados co software, o sistema informático e as fases de desenvolvemento do software.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición sobre software e procesos de desenvolvemento de software. Exposición dos distintos modelos existentes do ciclo vida. 	<ul style="list-style-type: none"> Busca de información en Internet para completar a exposición do profesor: Nomes de software de sistema e de software de aplicación, nomes de software dispoñible para o usuario pero inestable, últimas versións de software, nomes e características fundamentais doutras metodoloxías de desenvolvemento de software. Presentación na que se explique que produtos ou documentos se xeneran en cada fase de desenvolvemento de Software no modelo en Cascada. 	<ul style="list-style-type: none"> Documento relativo as distribucións e licenzas software. Presentación sobre documentación nas distintas fases de desenvolvemento de software. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector. Pizarra Ordenadores con sistema operativo Linux, software de máquina virtuais e conexión a Internet. Material didáctico subministrado polo profesorado no EAV. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre a relación dos programas cos compoñentes do sistema informático. PE.2 - Cuestionario sobre as fases de desenvolvemento dunha aplicación informática e resolución de problemas empregando técnicas das distintas fases. 	12,0
Linguaxes de Programación e ferramentas de desenvolvemento - Explicáronse conceptos relacionados coas linguaxes informáticas e clasificáronse as linguaxes seguindo distintos criterios. Identificáronse as ferramentas e describiuse o proceso a seguir co código fonte para chegar a executalo.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición sobre os conceptos de código fonte, obxecto e executable. Exposición sobre linguaxes de programación e sobre as ferramentas empregadas en programación. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización dun esquema dos distintos tipos de linguaxes de programación. Proba escrita da UD1. 	<ul style="list-style-type: none"> Exercicios resoltos sobre linguaxes de programación. 	<ul style="list-style-type: none"> Canón-Proxector Pizarra Apuntes do profesor dispoñibles no EAV 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario sobre os conceptos de código fonte, obxecto e executable. PE.4 - Cuestionario sobre as características da xeración de código intermedio para a súa execución en máquinas virtuais. PE.5 - Cuestionario sobre as distintas linguaxes de programación e a súa clasificación. PE.6 - Cuestionario sobre a funcionalidade das ferramentas empregadas con máquinas virtuais. 	11,0
TOTAL						23,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Instalación e uso de contornos de desenvolvemento	32

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía contornos integrados de desenvolvemento, e analiza as súas características para editar código fonte e xerar executables.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Instalar contornos de desenvolvemento, propietarios e libres. 1.2 Identificar as características comúns e específicas de diversos contornos de desenvolvemento.	1	Instalación e uso de contornos de desenvolvemento. Eclipse.	8,0
2.1 Identificar ferramentas e asistentes sobre o contorno instalado. 2.2 Actualizar os complementos do contorno de desenvolvemento instalado. 2.3 Personalizar o contorno de desenvolvemento instalado. 2.4 Automatizar procesos e facilitar a escritura de código no contorno de desenvolvemento instalado. 2.5 Instalar, desinstalar, activar e desactivar módulos sobre o contorno de desenvolvemento instalado.	2	Actualización, personalización e xestión de módulos do contorno de desenvolvemento.	12,0
3.1 Xerar executables en diferentes linguaxes sobre o mesmo contorno de desenvolvemento instalado. 3.2 Xerar executables na mesma linguaxe sobre diferentes contornos de desenvolvemento instalados.	3	Uso básico do contorno de desenvolvemento en operacións de edición e xeración de código.	12,0
TOTAL			32

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Instaláronse contornos de desenvolvemento, propietarios e libres.	• TO.1 - Sobre a instalación de Eclipse	S	20
CA2.2 Engadíronse e elimináronse módulos no contorno de desenvolvemento.	• TO.2 - Sobre a incorporación e eliminación de módulos no contorno de desenvolvemento	S	20
CA2.3 Personalizouse e automatizouse o contorno de desenvolvemento.	• TO.3 - Sobre a realización das tarefas de clase e un caso práctico sobre personalización e automatización dun IDE	N	10
CA2.4 Configurouse o sistema de actualización do contorno de desenvolvemento.	• TO.4 - Sobre a realización das tarefas de clase e resolución dun caso práctico sobre actualización dun IDE	S	15
CA2.5 Xeráronse executables a partir de código fonte de diferentes linguaxes nun mesmo contorno de desenvolvemento.	• TO.5 - Sobre a realización das tarefas de clase e un caso práctico sobre xeración de código nun IDE	S	15
CA2.6 Xeráronse executables a partir dun mesmo código fonte con varios contornos de desenvolvemento.	• TO.6 - Sobre a realización das tarefas de clase e un caso práctico.	N	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.7 Identifícaronse as características comúns e específicas de diversos contornos de desenvolvemento.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre as características comúns e específicas de diversos contornos de desenvolvemento. 	N	10
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Funcións dun contorno de desenvolvemento. Instalación dun contorno de desenvolvemento. Ferramentas e asistentes do contorno. Instalación e desinstalación de módulos adicionais. Personalización do contorno. Mecanismos de actualización. Contornos de desenvolvemento máis empregados (libres e comerciais). Uso básico dun contorno de desenvolvemento: edición de programas e xeración de executables. Características dos contornos de desenvolvemento.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Instalación e uso de contornos de desenvolvemento. Eclipse. Explicaranse conceptos xerai sobre contornos de desenvolvemento, instalaranse contornos de desenvolvemento propietarios e libres e daranse os primeiros pasos con eles.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das características dun IDE e dos criterios a ter en conta cando se selecciona un en concreto para traballar. Explicación da instalación de Eclipse. Explicación dalgunhas opcións de configuración e personalización de Eclipse. Explicación relativa á instalación de plugins. 	<ul style="list-style-type: none"> Comparación de distintos entornos de desenvolvemento. Instalación de Eclipse. Preparación do entorno. Realización de cambios na configuración de Eclipse co obxectivo de nos facilitar o traballo. Cambio de idioma no IDE. Instalación de Plugins en Eclipse. 	<ul style="list-style-type: none"> Eclipse instalado e configurado segundo as tarefas e cos plugins instalados. 	<ul style="list-style-type: none"> Pizarra. Canón-Proxector. Apuntes do profesor dispoñibles no EAV Ordenador con conexión a Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario sobre as características comúns e específicas de diversos contornos de desenvolvemento. TO.1 - Sobre a instalación de Eclipse 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
<p>Actualización, personalización e xestión de módulos do contorno de desenvolvemento. - Realizaranse actualizacións, personalizacións e xestionaranse complementos nun contorno de desenvolvemento instalado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Demostración práctica do proceso de actualización dun contorno de desenvolvemento. • Demostración práctica sobre a personalización dun contorno de desenvolvemento. • Demostración práctica de utilización de ferramentas e asistentes de axuda na escritura de código como completado de código, suxestións e consellos. • Demostración práctica de automatización de procesos para facilitar a escritura de código como modelos de código ou macros. • Demostración práctica da instalación, activación, desactivación e desinstalación dun módulo nun contorno de desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> • Actualización dun contorno de desenvolvemento. • Personalización dun contorno de desenvolvemento. • Uso de completado de código, suxestións e consellos en liña para facilitar a escritura de código. • Instalación, activación, desactivación e desinstalación dun módulo nun contorno de desenvolvemento. • Tarefa de avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ferramentas instaladas e tarefas resoltas empregando ditas ferramentas. • Proba práctica resolta. 	<ul style="list-style-type: none"> • Canón-Proxector • Pizarra • Apuntes do profesor dispoñibles no EAV • Ordenador con conexión a Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.2 - Sobre a incorporación e eliminación de módulos no contorno de desenvolvemento • TO.3 - Sobre a realización das tarefas de clase e un caso práctico sobre personalización e automatización dun IDE • TO.4 - Sobre a realización das tarefas de clase e resolución dun caso práctico sobre actualización dun IDE 	12,0
<p>Uso básico do contorno de desenvolvemento en operacións de edición e xeración de código. - Realizaranse operacións básicas de edición, compilación, enlace e execución sobre os contornos de desenvolvemento instalados.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explicacións sobre operacións básicas a realizar nun contorno de desenvolvemento para a edición, compilación, enlace e execución de código escrito en diferentes linguaxes de programación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de operacións para preparar un contorno de desenvolvemento para a edición, compilación, enlace e execución de código escrito en diferentes linguaxes de programación. • Tarefa de avaliación da UD2. 	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas sobre edición, compilación, enlace e execución de código escrito en diferentes linguaxes de programación empregando un contorno de desenvolvemento realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Canón-Proxector • Pizarra • Apuntes do profesor dispoñibles no EAV • Ordenador con conexión a Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> • TO.5 - Sobre a realización das tarefas de clase e un caso práctico sobre xeración de código nun IDE • TO.6 - Sobre a realización das tarefas de clase e un caso práctico. 	12,0
TOTAL						32,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Deseño e realización de Probas	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Verifica o funcionamento de programas, para o que deseña e realiza probas.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as ferramentas de depuración e proba de aplicacións ofrecidas polo contorno de desenvolvemento. 1.2 Utilizar ferramentas de depuración para definir puntos de ruptura e seguimento. 1.3 Utilizar as ferramentas de depuración para examinar e modificar o comportamento dun programa en tempo de execución.	1	Ferramentas de depuración de código	6,0
2.1 Efectuar probas unitarias de clases e funcións.	2	Probas Unitarias	8,0
3.1 Identificar os tipos de probas. 3.2 Definir casos de proba. 3.3 Executar probas automáticas.	3	Automatización de probas	6,0
TOTAL			20

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identifícanse os tipos de probas.	• PE.1 - Relativa aos distintos tipos de probas	S	15
CA3.2 Defínense casos de proba.	• PE.2 - Resolución de casos prácticos	N	10
CA3.3 Identifícanse as ferramentas de depuración e proba de aplicacións ofrecidas polo contorno de desenvolvemento.	• TO.1 - Resolución de casos prácticos	S	15
CA3.4 Utilízanse ferramentas de depuración para definir puntos de ruptura e seguimento.	• TO.2 - Resolución de casos prácticos	S	15
CA3.5 Utilízanse as ferramentas de depuración para examinar e modificar o comportamento dun programa en tempo de execución.	• TO.3 - Resolución de casos práctico	N	10
CA3.6 Efectuáronse probas unitarias de clases e funcións.	• TO.4 - Resolución de casos prácticos e proba práctica	S	15
CA3.7 Executáronse probas automáticas.	• TO.5 - Resolución de caso prácticos e proba práctica	N	10
CA3.8 Documentáronse as incidencias detectadas.	• TO.6 - Resolución de casos prácticos	N	10
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Planificación de probas. Tipos de probas: funcionais, estruturais, regresión, etc. Procedementos e casos de proba. Mecanismos e ferramentas de depuración: puntos de ruptura, inspección de variables, etc. Validacións. Probas de código: cubrimento, valores límite, clases de equivalencia, etc. Normas de calidade. Probas unitarias: ferramentas. Automatización e documentación das probas.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Ferramentas de depuración de código - Concepto relacionados coa depuración de código, uso das mesmas para modificar o comportamento dun programa en tempo de execución.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e demostración dos principais métodos/ferramentas dispoñibles para a depuración de código nun Contorno de Desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> Práctica de demostración sobre como se executa un programa paso a paso con Eclipse e cómo podemos ver os valores que toman as distintas variables usando a inspección de variables. A partir dun código dado, realización da execución paso a paso cando traballamos con métodos. A partir dun código dado, execución paso a paso traballando con estruturas de datos. 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas propostas resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Canón-Proxector Apuntes do profesor dispoñibles no EAV Ordenador con conexión a Internet Eclipse instalado 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 - Resolución de casos prácticos TO.2 - Resolución de casos prácticos TO.3 - Resolución de casos práctico 	6,0
Probas Unitarias - Concepto relacionados con probas unitarias de clases e funcións.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e demostración dos principais métodos/ferramentas dispoñibles para a realización de probas unitarias nun Contorno de Desenvolvemento. Explicación das probas de caixa branca. Explicación das probas de caixa negra. 	<ul style="list-style-type: none"> Determinar casos de proba empregando probas de caixa branca. Determinar casos de proba empregando probas de caixa negra. 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Canón-Proxector Pizarra Apuntes do profesor dispoñibles no EAV 	<ul style="list-style-type: none"> TO.4 - Resolución de casos prácticos e proba práctica 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Automatización de probas - conceptos relacionado coa automatización de probas, definición e execución das mesmas.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición e demostración dos principais métodos/ferramentas dispoñibles nun Contorno de Desenvolvemento para a definición, creación, realización e análise de distintos casos de proba nun proxecto software, e en particular JUnit. Explicación da realización de probas parametrizadas. Exposición por parte do profesor do funcionamento e utilidades das suite de probas. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de probas empregando JUnit. Realización de probas parametrizadas empregando JUnit. Creación dunha suite de probas cos test de proba parametrizados da tarefa anterior. Proba práctica da UD3. 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas resoltas. 	<ul style="list-style-type: none"> Canón-Proxector Apuntes do profesor dispoñibles no EAV Ordenador con conexión a Internet Eclipse instalado 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Relativa aos distintos tipos de probas PE.2 - Resolución de casos prácticos TO.5 - Resolución de caso prácticos e proba práctica TO.6 - Resolución de casos prácticos 	6,0
TOTAL						20,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Optimización e documentación	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Optimiza código empregando as ferramentas dispoñibles no contorno de desenvolvemento.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os patróns de refactorización máis usuais. 1.2 Elaborar as probas asociadas á refactorización. 1.3 Revisar o código fonte usando un analizador de código. 1.4 Identificar as posibilidades de configuración dun analizador de código. 1.5 Aplicar patróns de refactorización coas ferramentas que proporciona o contorno de desenvolvemento.	1	Documentación de código	4,0
2.1 Utilizar ferramentas do contorno de desenvolvemento para documentar as clases.	2	Refactorización e análise de código	6,0
3.1 Realizar o control de versións integrado nun contorno de desenvolvemento.	3	Control de versións	6,0
TOTAL			16

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícanse os patróns de refactorización máis usuais.	• TO.1 - Resolución de casos prácticos	S	15
CA4.2 Elaboráronse as probas asociadas á refactorización.	• TO.2 - Resolución de casos prácticos	S	15
CA4.3 Revisouse o código fonte usando un analizador de código.	• TO.3 - Resolución de casos prácticos	N	10
CA4.4 Identifícanse as posibilidades de configuración dun analizador de código.	• TO.4 - Resolución de casos prácticos	S	15
CA4.5 Aplicáronse patróns de refactorización coas ferramentas que proporciona o contorno de desenvolvemento.	• TO.5 - Resolución de casos prácticos	S	15
CA4.6 Realizouse o control de versións integrado no contorno de desenvolvemento.	• TO.6 - Resolución de casos prácticos	S	15
CA4.7 Utilizáronse ferramentas do contorno de desenvolvemento para documentar as clases.	• TO.7 - Resolución de caso prácticos	S	15
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
Refactorización: concepto, limitacións e patróns máis usuais.
Refactorización e probas. Ferramentas de axuda á refactorización.
Uso e configuración de analizadores de código.
Control de versións. Estrutura das ferramentas de control de versións. Repositorio. Ferramentas de control de versións.
Clients para control de versións. Integración no contorno de desenvolvemento.
Documentación. Uso de comentarios. Alternativas.

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
